



Estimad@ compañeir@:

O próximo **22 de abril** celebrarase o **Día da Terra** e con este motivo, as 5 principais organizacións ecoloxistas de Galiza **ADEGA, Amigos da Terra, FEG, SGHN e Verdegaiia** propoñen que a meirande número de persoas leven este día un lazo verde co propósito de sensibilizar a todas e todos as cidadás e cidadáns que a problemática do cambio climático está a ser producida maioritariamente pola actividade humana.

Levando un lazo verde expresamos o noso descontento coa política actual de consumo de enerxías fósiles, e reclamamos o paso á acción nesta e noutras partes do planeta para salvar a Terra. É urxente levar este debate ao espazo público e político para pedir o firme compromiso dun **cambio estratéxico no sector enerxético en prol da diversificación nas enerxías limpas** e no **cambio dos hábitos de consumo aplicando o principio de aforro e eficiencia enerxética** para garantir un futuro sustentable. Somos conscientes que é unha tarefa de todas e todos, pero sobre todo unha **responsabilidade que lles esiximos ás institucións públicas e ao poder político como representantes da sociedade civil.**

O **papel dos medios de comunicación** é clave para difundir a mensaxe que dende as organizacións ecoloxistas queremos facer chegar á sociedade e as institucións. Para elo, pedímoslle que o 22 de Abril, o Día da Terra, se poña de forma simbólica o lazo verde que lle adxuntamos con esta carta.

Ademais, sería de gran axuda que desde o seu medio, se informara dos diferentes actos que se realizarán neste día promovidas desde as diferentes asociacións ecoloxistas.

Esperamos contar coa súa colaboración.

Máis información:

Cristina Gómez
Área de Cambio Climático
Amigos da Terra - 988 374 318

